



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG) PARA O INCREMENTO DOS SERVIZOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN SOCIAL E DA SOCIEDADE DE INFORMACIÓN NO EXERCICIO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2020 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento das actuacións que a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) ten previsto desenvolver durante o ano 2020 para incrementar a accesibilidade nas comunicacións audiovisuais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio ós colectivos implicados para acadar as porcentaxes e valores mínimos de emisión en lingua de signos esixidos pola Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeneral de Comunicación Audiovisual.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Corporación Radio e Televisión de Galicia debe ser considerada como a entidade a nivel da comunidade autónoma de Galicia con maior capacidade para incrementar a accesibilidade nas comunicacións audiovisuais.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

